





O COUREL XEOPARQUE

Adela Leiro
Mon Daporta



*COUREL dos tesos cumes
que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben
o pouco que é un home...*

Uxío Novoneyra




A Seara



A primeira vez que fomos ao Courel sacamos fotos do pregue de Campodola, ignorantes da importancia que tiña. Impresionounos o seu tamaño e a claridade con que se distinguen as distintas capas de rochas repregadas varias veces, en especial coa luz da tarde. Na actualidade está recoñecido como un Punto Xeolóxico de Interese internacional e conta cun miradoiro e paneis explicativos da súa orixe, extensión e estrutura.

Pero este non é o único punto de interese xeolóxico da zona. Podemos ver diferentes pregamentos polo último tramo do val do Lor e no val do Sil e, noutros puntos do Courel temos unha gran diversidade de formacións rochosas dignas de seren coñecidas: as paredes verticais de lousas, pegadas do glaciario, os canóns dos ríos, as fervenzas, as formacións calcárias e as covas.

Galiza é un territorio antigo que sufríu numerosos episodios xeolóxicos: pregamentos, roturas, e por suposto, en tantos anos, o desgaste dos elementos meteorolóxicos, en especial da auga en todas as súas manifestacións. Nalgúns lugares quedan ao descuberto, sobre o terreo, as pegadas desas lentas e xigantescas forzas en forma de fallas ou pregues. O Courel é un deses lugares privilexiados onde podemos observar a terra como un elemento vivo, cambiante, capaz de retorcerse, de modificarse, creando formas que se nos amosan como nun museo ao aire libre.



O Lóuzara en Santalla

Val de Visuña



**MONUMENTO NATURAL
"PREGAMENTO XEOLÓXICO DE
CAMPODOLA-LEIXAZÓS"**

Está situado sobre o val do río Ferreiriño en fronte dos núcleos de Campodola e Leixazós (Quiroga). Mide máis de 2 km e está formado por capas de xistos e cuarcitas. É un exemplo típico dun pregamento tombado. Un sinclinal, unha dobra de forma cóncava na que o eixe de flexión foi orixinalmente vertical. As capas que o compoñen conteñen distintos minerais de períodos xeolóxicos distintos, destacan en cor crara as cuarcitas (478-488 millóns de anos) sobre as zonas escuras con vexetación formadas por lousas (458-478 millóns de anos). Enriba existiu outro gran pregamento orientado en dirección inversa, un anticlinal, que desapareceu a causa da erosión.

Vese desde a estrada de Quiroga a a Seoane onde hai un miradoiro e unha área de interpretación.



Pregue de Campodola,



Imaxe de Campodola de aprox. 1978

Rochas calcárias
no Taro Branco.





O territorio do Parque é unha sucesión de serras e vales encaixados que se agrupan a partir da serra do Courel, un eixo que atravesa a área de NE a SO e que rematan no sur no río Sil. Ao leste sitúanse as serras dos Cabalos, Cabreiros, Cereixido e A Aciñeira; ao noroeste as serra de Oribio, Rañadoiro e Piornal e ao oeste as da Trapa, Louzara e Auga Levada. As máximas alturas atópanse na serra do Courel. As serras están moi fracturadas e pregadas e os distintos terreos afundidos foron aproveitados polos ríos para escavar profundos vales.



Cavorcos na serra do Courel

SERRA DO COUREL

Orientada en dirección NE-SO. Está limitada ao sur polo val do Sil, ao oeste polo río Lor, e polo leste polos vales do Quiroga e O Selmo. Está constituída por unha cadea de montañas pregadas, moi fracturadas e con numerosas fallas (destacan as de dirección nordeste polas que circula o Lor). Os materiais que a forman son moi variados, principalmente lousas e xistos, e, en menor cantidade cuarcitas, areíscas e calcarias. O relevo é abrupto con gorxas profundas e pendentes fortes.

As principais alturas son o Formigueiros con 1.647 m, o Pía Paxaro con 1.619 m e o Pico do Boi con 1.178 m.



Vista da cara noroeste da serra do Courel desde o alto do Hospital.



Vista da cara sur da serra do Courel desde o Faro.



Val de Visuña



Aba norte da serra da e cume do Legúa



Lagoa de Lucenza no inverno. Instalada nun antigo circo glaciar e moi colmatada polos sedimentos.



Cova en Santalla.

Fervenza
de Vieiros



A riqueza da flora e fauna do Courel é unha das máis completas e diversas de Galiza, porque a súa situación na fronteira entre a rexión eurosiberiana e a mediterránea, unido ás diferentes altitudes e á diversidade dos substratos rochosos fai que se multipliquen as posibilidades de establecemento para as especies.



Devesa de Zanfoga



Narcissus asturiensis



Orchis italica



Dactylorhiza sambucina




Orchis macula

Orquídeas. No Courel atópase unha gran variedade. entre elas a *Ophrys ustulata* (única cita en Galiza).

ÁRBORES SENLLEIRAS



Teixo dos Sete Homes. Devesa da Escrita,
4,6 m de perímetro.



Castiñeiro do O Val da Fonte
(Paderne). 7,80 m de perímetro.



Lagarta da serra (*Iberolacerta monticola*)



Bolboreta (*Procris statices*)